



GUÍAS DE AXUDA DA  
SEDE ELECTRÓNICA DA  
XUNTA DE GALICIA

# VALIDACIÓN DE SINATURAS DIXITAIS EN DOCUMENTOS PDF



XUNTA  
DE GALICIA

A **validación** dunha sinatura dixital consiste en **verificar a identidade** de quen asinou o documento. Por defecto, **Adobe Reader XI ten activada a validación automática** para todas as sinaturas dun PDF, polo que as instrucións para a validación só son necesarias se por algunha razón esta validación automática non estivese activada.

Hai dous métodos de validación:

- **Manual:** a validación debe facerse manualmente cada vez que se abra un documento PDF que conteña unha sinatura dixital.
- **Automática:** a validación realízase de xeito automático cando se abre un documento PDF que contén unha sinatura dixital.


Non se debe confundir a validación (verificación de identidade) dunha sinatura dixital con **comprobar a validez dunha sinatura ou o seu selo de tempo**, consistente en verificar que o certificado empregado para realízalos non foi revogado.

## VALIDACIÓN MANUAL DA SINATURA DIXITAL

Para validar manualmente unha sinatura dixital execute os seguintes pasos:

1. Abra o PDF asinado que quere validar. Prema na icona “**Sinaturas**” situada á esquerda.
2. Seleccione a sinatura que quere validar, prema o botón dereito do rato e escolla a opción “**Validar sinatura**”.




3. Unha vez finalizado o proceso, debería verse a carón da sinatura a icona:  .



## VALIDACIÓN AUTOMÁTICA DA SINATURA DIXITAL

Para configurar a validación automática de sinaturas dixitais execute os seguintes pasos:




1. Abra Adobe Reader e no menú principal seleccione **“Edición”** e despois **“Preferencias”**.
2. Na ventá que se mostrará escolla nas categorías da esquerda **“Sinaturas”** (Firmas). Na sección **“Verificación”** prema no botón **“Máis”**.
3. Na seguinte pantalla comprobe que está marcada ou marque as seguintes opcións:
  - a. **“Verificar sinaturas ao abrir o documento”**
  - b. **“Utilizar o método especificado polo documento; avisar se non está dispoñible”**
  - c. **“Requirir a comprobación de revogación de certificados ao comprobar sinaturas sempre que sexa posible”**
  - d. **“Hora segura (marca de hora) incrustada na sinatura”**
4. Prema **“Aceptar”**.



## COMPROBAR A VALIDEZ DA SINATURA DIXITAL

Para comprobar a validez da sinatura dixital execute os seguintes pasos:


1. Abra o PDF asinado que quere validar. Prema na icona “**Sinaturas**” situada á esquerda.
2. Seleccione a sinatura que quere validar, prema o botón dereito do rato e escolla a opción “**Mostrar propiedades da sinatura**”.
3. Na seguinte pantalla premer o botón “**Mostrar certificado de asinante**”.
4. Na pestana “**Revogación**”, no cadro “**Detalles**” amósase a información sobre o estado do certificado.



## COMPROBAR A VALIDEZ DO SELO DE TEMPO

Para comprobar a validez do selo de tempo execute os seguintes pasos:

1. Existirá un selo de tempo cando na ventá “**Propiedades da sinatura**”, no cadro “**Resumo**”, apareza a mensaxe: “**A sinatura contén unha marca de hora incrustada**”.
2. Siga os pasos sinalados na páxina anterior (“Comprobar a validez da sinatura dixital”) para acceder á pestana “**Revogación**”. No cadro “**Detalles**” amósase a información sobre o estado do certificado da autoridade de selado de tempo.



## POSIBLES INCIDENCIAS

### A sinatura ten ao carón a icona

Pode aparecer cando o documento se abre dende o navegador.

- Se Adobe Reader está configurado para validar a sinatura automaticamente, será necesario **recargar o documento** para que se execute a validación.
- No caso de non estar configurado así, deberase **validar a sinatura manualmente**.

### A sinatura non ten xunto a ela a icona senón a icona

Significa que Adobe Reader non puido verificar correctamente o certificado da sinatura.

- Se a raíz do certificado non é unha entidade de confianza deberá configurar Adobe Reader tal como se sinala no documento “**Configuración de Adobe Reader para validar sinaturas dixitais**”.
- Se ao consultar as propiedades do certificado da sinatura ou da autoridade de selado de tempo, na pestana “**Revogación**” unha mensaxe anuncia que non se puido verificar a validez do certificado, e ao pulsar no botón “**Problemas atopados**” se indica que non se puido descargar a lista de distribución ao acceder ao servidor OCSP embebido no certificado, deberá **verificar que Adobe Reader ten acceso á internet**.